

SFAR, Inès e BUVET, Pierre-André (dir.) (2018). *La phraseologie entre fixité et congruence. Hommage à Salah Mejri*. Louvain-la-Neuve: Académia-L'Harmattan. ISBN: 978-2-8061-0334-5, 373 pp.



*La phraseologie entre fixité et congruence* (A fraseoloxía entre fixeza e congruencia) é unha obra colectiva, creada con moito esmero e delicadeza para honrar a figura de Salah Mejri, profesor catedrático da Université Paris 13 e persoa de gran relevancia na investigación dentro do campo da fraseoloxía. Esta obra de 373 páxinas mostra perante nós un camiño que nos guía ao longo de 21 artigos todos eles coa particularidade en común de render homenaxe a Salah Mejri polos seus 60 anos e polas súas achegas á área da fraseoloxía e á súa influencia nas obras posteriores deste campo de estudo lingüístico. Estas lecturas xiran arredor de dous conceptos que explican e representan moi ben os traballos levados a cabo por Salah Mejri, posto que ambos foron a base teórica sobre a que este se apoiou á hora de centrar as súas investigacións, estamos a falar da *fixité* (fixeza) e da *congruence* (congruencia). Estes dous conceptos clave son necesarios para comprender as aportacións realizadas por Salah Mejri no ámbito da fraseoloxía e, polo tanto, os artigos aquí recompilados son unha homenaxe que tratan dalgunha maneira tanto a fixeza coma a congruencia en relación co tema principal da contribución.

Para o profesor Salah Mejri, a fixeza está definida como a relación sintagmática que aparece entre unha serie concreta de palabras que sempre van optar por adoptar unha forma e estrutura fixas, o que limita a liberdade de combinación da expresión. A fixeza compón combinacións previas que son utilizadas sen apenas cambios polo conxunto dos falantes dunha comunidade lingüística. Poden clasificarse segundo o seu significado, posto que dependendo da expresión poden ter un significado máis transparente, se as palabras que a conforman, ou polo menos algunha delas, manteñen o seu significado orixinal no da unidade fraseolóxica; ou máis opaco se o significado non ten relación aparente cos de ningún dos elementos que forman parte da expresión.

Por outro lado, a congruencia define as relacións que existen ou se crean entre os elementos que conforman as unidades polilexicais en todas as súas formas. Polo tanto, faise evidente a relación tan estreita e profunda que a congruencia e a fixeza comparten. A congruencia, que estuda os cambios e diferentes xiros que se producen nas unidades lexicais durante os discursos e nos textos escritos, é un factor de gran valor para a aparición da fixeza.

A partir destes dous conceptos de vital importancia na obra investigadora de Salah Mejri, os/as autores/as destes artigos, todos e todas nomes salientables e profesionais de primeiro nivel da lingüística contemporánea, decidiron traballar nesta obra conxunta, dirixida por Inès Sfar e Pierre-André Buvet, para loar a figura imprescindible de Salah

Mejri e agradecerlle deste marabilloso xeito o seu increíble labor como investigador nesta área de coñecemento.

Para poñermos un pouco en contexto, a continuación explicaremos brevemente quen é Salah Mejri, protagonista indiscutible desta obra, xunto coa fraseoloxía na que tanto traballou. O profesor desenvolve a súa actividade na Université Sorbonne-Paris-Cité (alianza de distintas institucións de educación superior e investigación dos departamentos franceses de París e de Seine-Saint-Denis), concretamente na Université Paris 13. Nesta institución, ten o título de catedrático no departamento de Sintaxe e Semántica.

Salah Mejri dirixiu diferentes investigacións tanto en Francia coma por todo o mundo, incluíndo España e Tunisia (o seu país de orixe). Estes proxectos céntranse principalmente en varias ramas de estudo, entre as que salientamos a lingüística teórica ou a lexicoloxía. A súa obra contrastiva trata a comparación entre o francés e o árabe. Ademais, un dos seus obxectos de traballo son os xa mencionados principios da congruencia e da fixeza, arredor dos que se revolve este obra homenaxe. Podemos destacar algunha das súas publicacións como, por exemplo: *Le figement lexical : descriptions linguistiques et structuration sémantique*, *Le figement lexical e Figement absolu ou relatif : la notion de degré de figement*.<sup>1</sup> O libro comeza cun prólogo de Robert Martin no que este autor, afamado lingüista francés ex director do Institut national de la langue française<sup>2</sup>, fai un repaso pola traxectoria profesional do profesor Salah Mejri e destaca o seu labor investigador. Tras este pequeno prólogo, sen dilación, comeza o conxunto de escritos, do que engado a continuación a súa relación completa por orde de aparición na obra (concretando entre parénteses a súa autoría), para obter unha visión xeral dos temas concretos tratados polos/as investigadores/as: *Traduire un texte médical, une tension entre mots et termes* (Christian Balliu), *De la langue à la culture par les classes d'objets et les domaines* (Xavier Blanco), *La part de la stéréotypie dans trois corpus francophones - hexagonal, maghrébin et subsaharien* (Peter Blumenthal), *Regards croisés sur deux omomastiques situées* (Bernard Bosredon), *Les noms d'artefacts en français* (Pierre-André Buvet), *Nos langues sont des livres d'images! Étude comparative de phrasèmes zoologiques en anglais et en français* (André Clas), *Les suffixes nominaux de l'argot* (André Dugas), *L'actualité du figement linguistique* (Gertrud Gréciano), *Le figement dans l'expression de la temporalité* (Gaston Gross), *Crayons* (Jean-René Ladmiral), *Zoomorphisme et lexique rural brésilien* (Suzana Alice Marcelino Cardoso), *Compétence phraséologique en langue française* (Pedro Mogorrón Huerta), *Conjonctions complexes du français, figement, et analyse syntaxique* (Claude Muller), *Les parenthèses nominales en français : études en cas* (Franck Neveu), *Aux limites du limitrophe : à propos des catégories phraséologiques* (Antonio Pamies Bertran), *Traitement lexicologique des collocations à collocatif actanciel* (Alain Polguère), *Charles Nodier, un lexicographe hors norme et pionnier digne de Salah Mejri qui rime avec L. D. I.* (Jean Pruvost), *Les énonces paraproverbiaux* (Charlotte Schapira), *Stéréotypie et phraséologie dans le Dictionnaire des idées reçues de Gustave*

<sup>1</sup> Propostas de tradución para os títulos: A fixación léxica: descrições lingüísticas e estruturación semántica, A fixación léxica e Fixación absoluta ou relativa: a noción de grao de fixación.

<sup>2</sup> En galego: Instituto nacional da lingua francesa.

*Flaubert* (Inès Sfar), *Le verbe faire et la théorie guillaumienne de la subduction* (Olivier Soutet) e *L'impact du système d'écriture sur l'analyse du mot en français et en japonais* (Irène Tamba).

Ademais do prólogo e os diversos artigos, tras estes, engadiuse un pequeno apartado de grande utilidade que nos presenta brevemente aos e ás diferentes autores e autoras presentes no libro, que nos permite como lectores e lectoras botarlle unha fugaz ollada á vida profesional dos e das lingüistas participantes nesta homenaxe. Podemos observar que se tratan de grandes profesionais na materia cunha longa traxectoria e unha estreita relación co profesor Mejri e as súas achegas e estudos.

No tocante á organización do contido da obra, cómpre destacar que os artigos aparecen seguindo unha orde alfabética segundo os apelidos dos autores. Por un lado, atopamos que este tipo de organización favorece a igualdade entre os e as diferentes autores/as, posto que a ningún e ningunha se lle dá un trato de favor colocando o seu texto nun lugar concreto ou unha preferencia que poida xerar unha xerarquía dalgún tipo entre profesionais da lingua. Polo tanto, enténdese a elección como maneira de deixar ben claro que todos eles e todas elas se consideran colegas do mesmo rango e que así debemos facelo os lectores e as lectoras tamén. Pero, por outro lado, bótase en falta unha organización un tanto máis temática, é dicir, que os diversos artigos estivesen divididos segundo a área principal que están a analizar ou a falar. Como lectores e lectora, máis ou menos familiarizados/as coa fraseoloxía, pode chegar a ser un pouco confuso ou incómodo o feito de que, unha vez xa en proceso de afondar nun tema concreto sobre o que se está lendo, a temática cambie totalmente no seguinte artigo. Isto crea unha ruptura na lectura que provoca a necesidade de modificar a liña de pensamento que como receptores estabamos seguindo na nosa cabeza, o que, como mencionabamos con anterioridade, pode levar consigo certa incomodidade na lectura da obra á hora de rematar un artigo e comezar outro. Por esta razón, atoparíamos interesante unha orde alternativa que agrupase os artigos segundo a súa temática.

Outro punto que salienta é a presenza omnipresente da figura de Salah Mejri na gran parte dos artigos. Fanse mencións directas á súa persoa ou citas directas e indirectas de toda a súa obra e dos seus resultados. Se ben é certo que hai un par de artigos nos que esta conexión coa personaxe protagonista da obra homenaxe se perde un pouco, nótase a influencia do seu labor, o que permite seguir advertindo a presenza do profesor Mejri como fio condutor de todo o contido do libro.

Se seguimos o camiño que con xeito foron confeccionando os e as autores/as seremos testemuñas dun completo paseo a través do campo da fraseoloxía, sempre bailando acompañadamente entre as calidades de fixeza e congruencia, estudadas a fondo polo homenaxeado. No primeiro capítulo (*Traduire un texte médical, une tension entre mots et termes*<sup>3</sup>) asistimos á apertura desta obra cun artigo, con dedicatoria persoal para Salah Mejri, de Christian Balliu. Este brillante profesor de tradución (entre outras especialidades) da Université Libre de Bruxelles achéganos as dificultades da tradución

<sup>3</sup> Proposta de tradución: Traducir un texto médico, unha tensión entre palabras e termos.

médica en relación ao seu léxico e o que o uso que se lle dá a este provoca, por exemplo, na comunicación médico-paciente.

O segundo artigo presente no libro (*De la langue à la culture par les classes d'objets et les domaines*<sup>4</sup>) pertence a Xavier Blanco, profesor na Universitat Autònoma de Barcelona. Este autor español permítenos coñecer mellor os lemas e as colocacións máis usuais no vocabulario utilizado en diferentes ámbitos da vida cotiá no francés co que o escritor belga Georges Simenon escribiu as novelas policiais protagonizadas polo comisario Maigret.

No terceiro capítulo (*La part de la stéréotypie dans trois corpus francophones – hexagonal, maghrébin et subsaharien*<sup>5</sup>), Peter Blumenthal, profesor da Universität zu Köln (Universidade de Colonia), móstranos un extenso estudo comparativo entre as variantes do francés de Francia, do Magreb e da África subsahariana a través dos textos contidos en corpus de carácter xornalístico.

*Regards croisés sur deux onomastiques situées*<sup>6</sup> é o título do cuarto artigo desta obra. Coa súa lectura, Bernard Bosredon, profesor e importante investigador da Université Sorbonne Paris Cité (París 3) na área da lingüística, invítanos a reflexionar sobre a onomástica, ao presentarnos unha serie de cuestións e exemplos.

Pierre-André Buvet, un dos directores xunto con Inès Sfar desta obra, é o autor do seguinte artigo (*Les noms d'artefact en français*<sup>7</sup>). Nel, déixanos entrar na súa análise do proceso de elaboración dun dicionario con soamente nomes de artefactos para conseguir marcar que tipo de papel ten a descrición lexicográfica destas ferramentas neste proceso e na maneira na que funciona unha lingua en xeral.

O sexto capítulo (*Nos langues sont des livres d'images ! Étude comparative de phrasèmes zoologiques en anglais et en français*<sup>8</sup>) fainos unha increíble e interesante comparación entre unha longa batería de unidades fraseolóxicas en inglés e en francés, para amosar as similitudes e diferenzas que podemos atopar nos animais que toman como referentes nas súas expresións. O artigo foi redactado por André Clas, profesor do Departamento de tradución da Université de Montréal e ex director da afamada revista META.

O sétimo artigo (*Les suffixes nominaux de l'argot*<sup>9</sup>) que atopamos neste libro homenaxe (que na obra vén mal numerado por algún tipo de erro de revisión) transpórtanos ao mundo do argot da man de André Dugas. Este profesor de universidade quebequés que traballou en institucións educativas de varios continentes achéganos valiosa información sobre como os e as falantes dos distintos argots dentro do francés forman novas palabras a partir da sufixación.

<sup>4</sup> Proposta de tradución: Da lingua á cultura a través das clases de obxectos e os ámbitos.

<sup>5</sup> Proposta de tradución: A parte da estereotipia en tres corpus francófonos: metropolitano, magrebi e subsahariano.

<sup>6</sup> Proposta de tradución: Miradas cruzadas sobre dúas onomásticas situadas.

<sup>7</sup> Proposta de tradución: Os nomes de artefacto en francés.

<sup>8</sup> Proposta de tradución: As nosas linguas son libros de imaxes! Estudo comparativo de fraseas zoolóxicas en inglés e en francés.

<sup>9</sup> Proposta de tradución: Os sufixos nominais do argot.

Gertrud Gréciano, profesora da Université Marc Bloch Strasbourg, fai unha pensada homenaxe, neste oitavo capítulo desta obra (*L'actualité du figement linguistique*<sup>10</sup>), ao traballo de Salah Mejri ao aplicar os seus numerosos estudos sobre a fixación lingüística, unha das liñas de investigación predilectas do protagonista do libro, á situación actual da lingua francesa.

No noveno artigo desta obra (*Le figement dans l'expression de la temporalité*<sup>11</sup>), aínda continuamos xogando coa fixación, neste caso, en expresións referentes á temporalidade. Gaston Gross, profesor da Université Paris 13, realiza un estudo bastante exhaustivo dentro deste campo de investigación reducido ás expresións temporais en francés para analizar a súa fixación, e polo tanto, a súa relación coa gramática e as súas posibilidades combinatorias.

*Crayons*<sup>12</sup>, o décimo capítulo do libro está escrito por Jean-René Ladmiral. Trátase dunha máis que evidente e bela homenaxe á figura de Salah Mejri desde o ámbito da tradución. Este tradutor da filosofía alemá e profesor de estudos universitarios en París reflexiona nestas páxinas, entre outras cousas, sobre os fundamentos da tradutoloxía ou a tradución na tradución intercultural, sempre marcando como referencia ao profesor Mejri.

Neste undécimo artigo (*Zoomorphisme et lexique rural brésilien*<sup>13</sup>), Suzana Alice Marcelino Cardoso, profesora na Universidade Federal da Bahia, lévanos de viaxe ata o Brasil, onde nos mostra unha interesante análise das expresións utilizadas no portugués falado en diferentes zonas rurais do Brasil que conteñen nomes de animais para coñecer os seus usos específicos.

O duodécimo capítulo (*Compétence phraséologique en langue française*<sup>14</sup>) está escrito por Pedro Mogorrón Huerta, profesor español da Universitat d'Alacant. Neste artigo, o autor realiza un estudo para comprobar o coñecemento e a utilización dunha serie de secuencias fixadas en tres grupos distintos de falantes francófonos de diferentes lugares de orixe e idades. Os interesantes resultados son expresados nun conxunto de táboas que mostran as secuencias divididas por rexistros de forma moi didáctica.

Chéganos, da man de Claude Muller (profesor da Université Bordeaux Montaigne), o seguinte artigo (*Conjonctions complexes du français, figement, et analyse syntaxique*<sup>15</sup>) que nos introduce a unha reflexión sobre a fixación que pon en relación unha cita do propio Salah Mejri con outra do célebre Maurice Gross para irmos levando ao seu obxecto de estudo neste caso: a fixación dentro das locucións conxuntivas.

O décimo cuarto capítulo deste obra (*Les parenthèses nominales en français : études de cas*<sup>16</sup>) trata de establecer uns parámetros claros á hora de definir as parénteses dentro

<sup>10</sup> Proposta de tradución: A actualidade da fixación lingüística.

<sup>11</sup> Proposta de tradución: A fixación na expresión da temporalidade.

<sup>12</sup> Proposta de tradución: Escritura.

<sup>13</sup> Proposta de tradución: Zoomorfismo e léxico rural brasileiro.

<sup>14</sup> Proposta de tradución: Competencia fraseolóxica en lingua francesa.

<sup>15</sup> Proposta de tradución: Conxuncións complexas do francés, fixación, e análise sictáctica.

<sup>16</sup> Proposta de tradución: As parénteses nominais en francés: estudos de caso.

dun texto. Para este obxectivo, Franck Neveu, presidente do Institut de Linguistique française<sup>17</sup>, expón unha grande variedade de estudos de caso nos que apreciar as utilidades das parénteses e os seus matices.

No décimo quinto artigo presente no libro (*Aux limites du limitrophe : à propos des catégories phraséologiques*<sup>18</sup>), Antonio Pamies Bertrán, profesor con décadas de experiencia no ámbito e fincado na Universidade de Granada, aproveita estas páxinas para lembrar as palabras dos seus colegas con respecto ás definicións dos elementos estudados dentro da disciplina fraseolóxica e relata os matices que se atopa dentro destas explicacións para salientar que, malia os avances nesta materia, non hai unanimidade.

Alain Polguère, profesor na Université de Lorraine, é o escritor do décimo sexto capítulo (*Traitement lexicographique des collocations à collocatif actanciel*<sup>19</sup>). A través deste, permítenos mergullarnos nun estudo que nos leva desde a combinatoria máis restrinxida ata a definición de colocativo actancial.

No seguinte capítulo desta obra homenaxe (*Charles Nodier, un lexicographe hors norme et pionnier digne de Salah Mejri qui rime avec l.d.i.*<sup>20</sup>), Jean Pruvost aproveita a importancia actual da figura de Salah Mejri para darlle relevancia e realzar a outro gran traballador deste campo de coñecemento, o escritor do século XVIII e XIX, Charles Nodier.

*Les énoncés paraproverbiaux*<sup>22</sup> de Charlotte Schapira son os protagonistas do décimo oitavo artigo desta obra na honra do profesor Mejri. Esta profesora do Technion de Israel ensínanos, entre outras cousas, as principais características dos enunciados paraproverbiais e as súas similitudes e diferenzas coas máximas e cos proverbios.

Inès Sfar, a outra directora deste libro xunto con Pierre-André Buvet, preséntanos o décimo noveno capítulo titulado *Stéréotypie et phraséologie dans le Dictionnaire des idées reçues de Gustave Flaubert*<sup>23</sup>. Neste artigo, explícanos brevemente as nocións de estereotipia, idea preconcebida e fraseoloxía para afondar na estreita relación existente entre estes conceptos.

O vixésimo capítulo (*Le verbe faire et la théorie guillaumienne de la subduction*<sup>24</sup>) achéganos unha reflexión da teoría de Guillaume que toma o verbo facer como base realizada por Olivier Soutet, profesor experto lingüista na Sorbonne.

Por último, o derradeiro artigo do libro (*L'impact du système d'écriture sur l'analyse du mot en français et en japonais*<sup>25</sup>) está escrito por Irène Tamba, directora do Centre

<sup>17</sup> Proposta de tradución: Instituto de Lingüística francesa.

<sup>18</sup> Proposta de tradución: Nos límites do limítrofe: con respecto ás categorías fraseolóxicas.

<sup>19</sup> Proposta de tradución: Tratamento lexicográfico das colocacións ao colocativo actancial.

<sup>20</sup> Laboratorio léxico, dicionario e informática.

<sup>21</sup> Proposta de tradución: Charles Nodier, un lexicógrafo fóra de norma e pioneiro digno de Salah Mejri que rima con l.d.i.

<sup>22</sup> Proposta de tradución: Os enunciados paraproverbiais.

<sup>23</sup> Proposta de tradución: Estereotipia e fraseoloxía no Dicionario de ideas preconcebidas de Gustave Flaubert.

<sup>24</sup> Proposta de tradución: O verbo facer e a teoría guillaumiana da subducción.

<sup>25</sup> Proposta de tradución: O impacto do sistema de escritura na análise da palabra en francés e en xaponés.

de Recherches Linguistiques de l'Asie Orientale<sup>26</sup>. Neste capítulo, os/as lectores/as podemos ler un artigo feito desde o cariño dedicado a Salah Mejri directamente, no que a autora nos sinala a relación entre a palabra oral e escrita no ámbito lingüístico e as súas características na lingua francesa e xaponesa.

En definitiva, todos/as estes/as grandes investigadores/as da lingüística poñen ante os nosos ollos esta obra que recompila moi diversos artigos que se suman para crear un conxunto sólido de coñecemento que pon de relevo a obra e o traballo da vida profesional do profesor Salah Mejri. Malia as súas diferentes perspectivas e temáticas, estes textos defínense pola presenza de dous denominadores comúns ben escollidos, a fixeza e a congruencia, claros exemplos de dúas nocións protagonistas das inquietudes investigadoras de Salah Mejri, mínimo común múltiplo desta obra, completa e firme homenaxe á súa máis que salientable figura neste extenso e tan interesante campo de coñecemento da lingua.

Marcelo Caramés Obelleiro

Universidade de Vigo

<https://orcid.org/0009-0000-9536-4955>

[marcelo.carames.obelleiro@alumnos.uvigo.es](mailto:marcelo.carames.obelleiro@alumnos.uvigo.es)

---

<sup>26</sup> Proposta de tradución: Centro de Investigación lingüística da Asia Oriental.

